



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de plenario de data 20 de decembro de 2018 a medio da presente, publícase o devandito acordo na súa parte dispositiva en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

“REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BECERREÁ

De conformidade co previsto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos programa e servizos sociais, no seu artigo 7. b) do referido decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento.

Segundo o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Segundo o Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil.

Para o non previsto neste Regulamento estarase ó disposto na ley 5/1997, de 28 de xullo de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e normativa de desenvolvemento, Lei 3/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio a familia e convivencia de Galicia, e demais normativa autonómica que lle sexa de aplicación.

Art. 1. Definición, Finalidade e Ámbito de Aplicación

A escola infantil de Becerreá configúrase como un equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ó sector infantil da poboación de 3 meses a 3 anos de idade, tendo por obxecto o desenrolo harmónico e integral dos cativos/as, realizando ademais unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia é o mesmo tempo que facilita o acceso dos país/nais ó mundo laboral.

A Escola Infantil Municipal do Concello de Becerreá, cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionando ós seus usuarios e usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, relixión, condición social ou económica, a través dun programa global que garante o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo e social dos nenos e nenas, e coa fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e contribuír á mellor integración entre o Centro e as familias.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento da Escola Infantil do Concello de Becerreá do que é titular a entidade local

1.1. Datos do Centro:

A entidade titular da Escola Infantil é o Concello de Becerreá, está encadrada nos Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

Nome do Centro: Escola Infantil Municipal de Becerreá

Enderezo: Rúa Valgamarín, s/n Becerreá

Tif. 982 360 447

Correo electrónico: escolainfantilbecerreá@hotmail.com

Entidade Titular: Concello de Becerreá

Representante Legal: Sr./Sra. Alcalde/Alcaldesa do Concello de Becerreá

Nº de Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPPS): E-405

Tipo de Xestión: a xestión da escola infantil será a que en cada momento determine o Pleno do Concello como órgano municipal competente para a determinación da forma de xestión.

Art. 2. Función e Obxectivos da Escola Infantil

2.1. Función:

A Escola Infantil cumpre unha dobre función asistencial e educativa. Ofrece as súas persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social dirixida ó desenvolvemento harmónico e integral dos nenos e nenas e á compensación de desigualdades sociais, económicas e culturais, realizando ademais unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia.

Este centro organizará o coidado dos nenos e nenas co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar das familias mediante a súa garda e custodia e cooperará estreitamente cos pais, nais e titores para contribuír á mellor integración entre o centro e as familias.

2.2. Obxectivos:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.
2. Cubrir as necesidades socio-familiares de atención, coidado e protección dos nenos e nenas durante o tempo de ausencia dos proxenitores.
3. Establecer o dereito dos nenos e nenas a ser atendidos promovendo ademais actividades encamiñadas a favorecer o seu desenvolvemento como persoas.
4. Facilitar a integración dos nenos con necesidades educativas especiais, atendendo ás súas necesidades e características especiais.
5. Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno ou nena.
6. Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto...
7. Respetar a singularidade e diversidade de cada neno e nena.
8. Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e de grupo nas actitudes e actividades diarias.
9. Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais.

Art. 3 Funcionamento do Centro

3.1. Capacidade, prazas e ratios

A capacidade da Escola Infantil Municipal do Concello de Becerreá é de 41 usuarios e usuarias e conta con tres unidades:

- UNIDADE 0-1 anos cun máximo de 8 usuarios/as.
- UNIDADE 1-2 anos cun máximo de 13 usuarios/as.
- UNIDADE 2-3 anos cun máximo de 20 usuarios/as.

3.2. Comisión da Escola Infantil Municipal

Crearase unha Comisión da Escola Infantil Municipal de Becerreá presidida polo Sr. Alcalde Presidente, que se reunirá cando este a convoque e cuxas funcións serán as seguintes:

- a) Asistencia ao Alcalde no control e organización da xestión xeral do Centro.
- b) Baremo das solicitudes cando estas superen o número de prazas vacantes.
- c) Calquera outro asunto que requira da súa intervención, en aras do bo funcionamento do Centro e a que se cumpran os fins para o que foi creado.

Estará integrada por:

1. O Sr/a Alcalde/Alcaldesa presidente/a ou concelleiro/a no que delegue, que será o seu presidente/a.
2. A/o traballador/a Social do Concello
3. A/o director/a do centro
4. Un funcionario/a do Concello designado pola Alcaldía.

3.3. Servizos Básicos

1. Atención Asistencial e Educativa, a través dun proxecto educativo propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Dito proxecto educativo recollerá de xeito explícito, o tratamento lingüístico do centro, a coeducación e a atención á diversidade mediante a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa. Ademais ten en conta o carácter globalizado da intervención educativa tanto en canto que un mesmo contido desenvolve obxectivos das distintas áreas de aprendizaxe e as necesidades educativas especiais dos nenos e nenas.

2. Servizo de Comedor

A escola infantil conta con servizo de comedor. Os menús que ofrece á Escola Infantil garantiran os criterios nutritivos e dixestivos establecidos. Están elaborados e supervisados por unha nutricionista.

As familias deberán informar ao persoal do Centro dos tipos de alerxia ou intolerancia e dos síntomas e reaccións que padece. En ningún caso se dará a un neno ou nena alérxico un alimento sen o consentimento dos pais/nais.

Terase sempre en un lugar de fácil acceso o protocolo e os teléfonos de contacto para casos de urxencia.

As familias tamén informarán verbalmente ao persoal da escola sobre as cantidades, horario de tomas, costumes, etc...

En bebés, a introdución paulatina de alimentos realizarase seguindo as instrucións do/a pediatra. Os alimentos novos, primeiro daranse na casa e despois na escola por posibles alerxias.

Na entrevista inicial que se leva a cabo con cada unha das familias antes de que o neno/a entre na escola, hai un apartado completo referido á alimentación.

Respectaranse os menús elaborados por estar adaptados as idades dos nenos e nenas, cubríndose así as súas necesidades nutricionais. Expoñerase o menú no taboleiro de anuncios semanalmente e facilitarase unha copia mensual do mesmo a tódalas familias que o demanden.

3. Horario Amplo

O horario máximo de permanencia dos nenos e nenas no Centro será, con carácter xeral de 8 horas diarias, excepto causas excepcionais e convenientemente xustificadas, a valorar pola comisión da escola infantil, previo informe dos servizos sociais do Concello de Becerreá.

Horario amplo: enténdese por horario amplo a atención aos nenos e nenas por parte do centro cando menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o neno e a nena non prolongue a súa estadía no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso xustificarse, o determinen.

Artigo 4. Idades de Admisión e Permanencia

Poderán facer uso dos servizos da Escola Infantil os pais, nais e titores/as ou representantes legais dos nenos e nenas que cumpran os seguintes requisitos de idade:

Idade mínima: Ter cumprido 3 meses de idade na data de ingreso, salvo situacións especiais (previo informe dos servizos sociais).

Idade máxima: non ter cumpridos os 3 anos de idade o 31 de decembro do ano no que se solicita a praza.

Os nenos e nenas poderán ser usuarios e usuarias do servizo ata o momento no que corresponda iniciar a educación infantil do 2º ciclo.

Poderán integrarse nenos e nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais de acordo coa lexislación vixente e nas condicións que na mesma se especifiquen.

Artigo 5. Procedemento de Admisión e Baixas

5.1. Admisións

As novas solicitudes de admisión atenderanse do 16 ó 30 de abril.

Ademais da solicitude, os interesados deberán obrigatoriamente achegar a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do D.N.I. ou N.I.E. se é co caso, do pai, nai, titor/a ou representante legal.

b) Fotocopia compulsada do libro de familia.

c) Xustificación de ingresos:

·Derradeira nómina, factura de venda de leite e/ou gando, certificación das pensións ou da percepción económica con cargo ó INEM ou certificado de non prestación, se é o caso, certificación de empresa, xustificación doutros ingresos expedida polo organismo correspondente (certificado de interese e retencións bancarias, certificado do departamento de rendas do Concello en relación cos membros da unidade familiar, recibo de contribución rústica e urbana. Pódese requirir ó solicitante os documentos que se consideren precisos para a resolución do expediente).

·Copia da declaración do IRPF (completa) de cada membro da unidade familiar computable para os efectos económicos. No caso de non ter obriga de presentar declaración:

·Os solicitantes de devolución rápida (MOD.104) achegarán copia da comunicación que lles envía a Axencia Estatal de Administración Tributaria en aplicación do artigo 81 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

-As persoas non obrigadas a declarar e que non solicitan devolución rápida (MOD 104) achegarán certificacións dos datos existentes na Administración, expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo o establecido na normativa tributaria vixente.

d) Certificado de discapacidade, se é o caso.

e) Outros documentos, se procede, no que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

-Cargas familiares.

-Discapacidade ou dependencia dos pais, titores e/ou outros membros da unidade familiar, só no caso de certificados que non sexan expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia.

-Certificado médico de enfermidades crónicas máis outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.

-Informe do Equipo de Valoración e Orientación das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou órgano competente na materia na Administración do Estado o unas correspondentes Comunidades Autónomas sobre a necesidade de integración no caso de nenos con discapacidades.

-Situación de desemprego dos pais ou titores.

-Documentación acreditativa de incidencias tales como separación do cónxuxe, abandono do fogar... e doutras situación que poderán ser tidas en conta polos Servizos Sociais Municipais.

-Informe dos servizos sociais do Concello correspondente, no suposto de que sexa necesario por falla de acreditación documental suficiente ou por situación especiais nas que viva a unidade familiar.

f) Contrato de traballo no que se especifique o horario laboral.

g) Certificado de empadramento e de convivencia.

h) Informe médico do neno/a onde conste que non padece enfermidades contaxiosas.

i) Fotocopia compulsada da tarxeta sanitaria.

De carecer dalgún dos documentos sinalados nos apartados 1) e 2) do punto c, será necesario presentar informe dos Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

No caso de que a solicitude non reúna os requisitos esixidos, O Concello, conforme o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, requirirá ó interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende os erros detectados, con indicación de que, se así non se fixese, se terá por desistido na súa petición, logo de resolución en tal senso.

No expediente persoal de cada neno ou nena, que terá carácter confidencial, de acordo á Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección da datos de carácter persoal, constarán os datos de filiación sanitarios, enderezo e teléfono de contacto, así como aquelas outras circunstancias persoais relevantes que o solicitante queira facer constar para unha mellor atención do menor.

5.2. Procedemento

Recibida a solicitude xunto coa documentación, procederase polos Servizos sociais municipais á comprobación dos datos aportados, avaliando as solicitudes segundo o baremo que se cita a continuación. Avaliadas as solicitudes os citados servizos emitirán informe relativo ás solicitudes presentadas propoñendo as admisións e exclusións que se consideren, que será sometido á Xunta de Goberno Local, órgano municipal que resolverá definitivamente procedéndose á publicación da relación definitiva de admitidos/excluídos. Os admitidos recibirán notificación por escrito da resolución e disporán dun prazo de 10 días para confirmar a praza e achegar a documentación complementaria, de ser o caso.

Debido principalmente a situación demográfica da zona na que se atopa ubicada situada a escola infantil de Becerreá, enmarcada dentro da comarca dos Ancares, o número de prazas da EIM adoita ser superior ao número de solicitudes, pero no caso de que o número de solicitudes superase ao de prazas, establecerase unha orde de admisión preferente en función da puntuación alcanzada atendendo aos seguintes criterios, que serán valorados pola Comisión da Escola Infantil Municipal de Becerreá:

1. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

1. Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.

2. Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo dela: 1 punto.

3. No caso de que a nena/o para a/o cal se solicita praza nacesse nun parto múltiple: 1 punto.

4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia: 2 puntos.

5. Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.

6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.

7. Pola condición de familia numerosa: 3 puntos.

8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: ata 3 puntos.

2. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR:

1. Situación laboral de ocupación:

· Nai: 4 puntos.

· Pai: 4 puntos.

2. Situación laboral de desemprego:

· Nai: 2 puntos

· Pai: 2 puntos.

Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de familias monoparentais, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

3. SITUACIÓN ECONÓMICA:

Terase en conta a RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

Inferior ao 30% do IPREM: +4 puntos.

Entre o 30% e inferior ao 50 % do IPREM: +3 puntos.

Entre o 50 % e inferior ao 75% do IPREM: +2 puntos.

Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM: +1 punto.

Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM: -1 punto.

Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM: -2 puntos.

Entre o 150% e o 200 % do IPREM: -3 puntos.

Superior ao 200% do IPREM: -4 puntos.

No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa.

Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

No caso de ausencia do fogar familiar de ámbolos dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2.1 e 3 do baremo.

Terán acceso directo á Escola Infantil de Becerreá:

1. Os nenos e nenas que procedan de situacións familiares con especial necesidade de atención.

As situacións alegadas deberán ser xustificadas documentalmente de maneira detallada e valorarase en cada caso se procede a condición de acceso directo, e estará sometida ás limitacións derivadas dos grupos que se formen atendendo á idade. Será a comisión da Escola Infantil municipal quen valorará se se concede o acceso directo.

2. Cando un irmán ou unha irmá do solicitante teña praza renovada no centro, este será admitido/a automaticamente sempre que haxa vacante no grupo correspondente, reúna os requisitos esixidos para o ingreso e pertenza a un grupo de idade inferior.

3. Os/as menores tutelados pola Xunta de Galicia e os nenos e nenas vítimas de violencia de xénero accederán directamente a unha praza na Escola Infantil.

En caso de urxencia motivada, nesta situación será o Alcalde-Presidente ou Concelleiro/a responsable que decida a concesión ou denegación provisional dos servizos, dando conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

5.3. Baixas

Causarase baixa na Escola Infantil Municipal nas seguintes circunstancias:

1) Incumprimento da idade regulamentaria da permanencia no centro.

- 2) A solicitude dos pais, titores ou representantes legais.
- 3) Por negativa a aboar a tarifa aplicada. No caso de non pagar a cota establecida durante os dous meses consecutivos, ou tres alternos durante un período dun ano.
- 4) Por comprobación da falsidade nos documentos ou datos aportados na solicitude.
- 5) Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro, previo informe do encargado ou encargada da aula, ou dos servizos sociais.
- 6) Por incumprimento reiterado das normas da Escola Infantil.
- 7) Por falla de asistencia continuada durante máis do 50% do mes, sen previo aviso ou sen causa xustificada.

A baixa será resolta previo informe do ou da encargada da aula e dos servizos sociais do Concello de Becerreá, pola Alcaldía ou por delegación no concelleiro ou concelleira delegado en materia de servizos sociais.

As vacantes serán cubertas coas solicitudes que quedasen na lista de espera por rigoroso orde de puntuación.

Art. 6. Calendario e horario de funcionamento

Establécese como horario do servizo de luns a venres, de 7:50 a 18:00 horas ininterrompidamente e durante 12 meses ó ano. Nesta franxa horaria pódense establecer as seguintes alternativas:

- Xornada completa sen comedor.
- Xornada completa con comedor.

Anualmente, establecerase un calendario de días hábiles e inhábiles que será exposto no taboleiro de anuncios do centro.

Os horarios poderanse modificar por Resolución da Alcaldía, de oficio ou a petición do adxudicatario, no seu caso, ou dos usurarios, previa audiencia do adxudicatario do servizo, de ser o caso e de acordo coas dispoñibilidades de recursos humanos e orzamentarios.

O horario de entrada e saída dos nenos e das nenas caracterizarase pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración das actividades dos demais nenos e nenas e do normal funcionamento do Centro. Non obstante, unha vez acordados os horarios de entrada e saída dos nenos e das nenas, as familias deberán respectalos.

En caso de atrasos inxustificadas e reiterados, a dirección do Centro poñerá en coñecemento da Comisión dita situación, quen adoptará as medidas oportunas, podendo chegar a mesma a ser motivo de expulsión.

Ó remate da xornada os nenos e as nenas serán recollidos polos seus pais, nais, titores/as ou representantes legais. Nos casos nos que estes autoricen á Dirección do Centro para que o neno ou a nena sexa recollido por outra persoa, esta deberá ser comunicada por escrito, estar debidamente identificada e ser maior de idade.

Cando os nenos e as nenas estiveran en período de lactancia as nais terán acceso o Centro no horario que sexa preciso. Para a debida alimentación dos e das lactantes, a Dirección do Centro habilitará unha dependencia oportuna.

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos/as que non teñan contratado o servizo de comedor deberán traer a comida en recipientes marcados co nome do alumno/a.

Para os lactantes, deberán traer as papillas e o leite en po, coas súas doses marcadas.

Todas as comidas que veñan do exterior previamente manipuladas, teremos na Escola autorización firmada por pais/nais para poder proporcionar estes alimentos aos seus fillos/as.

Os horarios das comidas son:

- Almorzo: de 8:00 a 9:00 horas.
- Xantar: de 13:00 a 13:45 horas.
- Merenda: de 17:00 a 18:00 horas.

6.1. Período de adaptación.

Co obxecto de facilitar a incorporación dos nenos e nenas o Centro, establécese como obrigatorio un período de adaptación debido a que o feito de ir por primeira vez á escola é un dos momentos máis importantes e de maior transcendencia na vida dos cativos, xa que é o inicio da súa escolarización e posibilita o seu desenvolvemento integral, autonomía e independencia, a relación entre iguais e asimilación dos ritmos e rutinas da vida escolar.

O período de adaptación é o tempo necesario previo a asistencia continuada á escola no que os nenos e nenas, os pais, as nais, os titores/as ou os representantes legais e os educadores/as teñen que habituarse uns e unhas aos outros e outras, garantindo un equilibrio entre todos, para que a incorporación e integración na etapa educativa dos e das menores e a primeira separación da familia, sexa o máis positiva e enriquecedora.

A planificación do período de adaptación desenvolverase en base a tres eixes: Incorporación progresiva, proceso individualizado e colaboración coas familias.

A dirección e o equipo educativo do Centro informarán e orientarán aos pais e nais, titor/a ou representante legal dos nenos e nenas sobre todo o proceso do período de adaptación, estando en contacto e comunicación permanente coas familias para resolver todas as dúbidas ou problemas que poidan ocorrer. Así mesmo se programarán actividades extraordinarias para este período para que sexa o máis gratificante posible para os nenos/as.

As normas e recomendacións a seguir durante o período de adaptación serán as seguintes:

- Os nenos e nenas que se escolaricen vez no Centro, deberán realizar un período de adaptación.
- Empezarán a acudir ao mesmo en períodos curtos de tempo, aumentando o mesmo progresivamente en función da súa evolución. É recomendable que a asistencia durante este período, e unha vez adaptados durante o período escolar, sexa o máis regular posible.
- Durante este período os nenos ou nenas poderán levar algún obxecto ou xoguete ao que lle teña apego para que se lle faga máis cómoda e agradable a adaptación ao novo ambiente.
- Para proporcionar seguridade aos nenos ou as nenas será conveniente que se respecten o máximo posible os tempos escolares, tanto na chegada ao Centro como na recollida; así como crear e transmitir actitudes e expectativas positivas con todo o relacionado coa escola, evitando aquelas que poidan xerar angustia ou inseguridade nos nenos e nenas.

6.2. Titorías coas familias

Os mestres e as mestras, e os educadores e as educadoras, poñerán en coñecemento dos pais, nais, representantes legais ou tutores de cada neno ou nena a información sobre a súa evolución integral.

No caso de que as familias o desexen poden solicitar titorías coas educadoras para facer un seguimento individualizado dos seus fillos e fillas, en función dos seus horarios, establecen as horas de titorías para atender as demandas dos pais, nais, tutores ou representantes legais.

Estas titorías acordaranse con anterioridade coa familia, ben a petición da educadora ou da propia familia. Se algunha familia non pode acudir no horario establecido procurase buscar algún momento en que poidan as dúas partes, dentro do horario lectivo.

O cadro horario das titorías figurará tamén no taboleiro informativo xeral para as familias e no taboleiro de aula.

Art. 7. Persoal e Titulacións

O artigo 27.2.b) do Decreto 329/2005, de 28 de xullo, establece as titulacións contempladas para o persoal das escolas infantís.

O persoal adicado a funcións educativas e de atención directa aos nenos e nenas deberá estar en posesión das seguintes titulacións:

a) Persoal de atención

- Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía.
- Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- Técnico/a superior en educación infantil ou equivalente.

A proporción de persoal cualificado coa que deberán contar os centros é de un número igual ao de unidades en funcionamento mais un.

A dirección pedagóxica do centro recaerá en algún dos membros do persoal coa titulación de licenciado/a ou mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.

b) Persoal de apoio

En tódolos centros deberá haber, polo menos, unha persoa de apoio na atención e coidado dos nenos e nenas a cal, ademais das titulacións anteriores, poderá estar en posesión de algunha das seguintes titulacións: técnico en atención socio-sanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de enfermería, diplomado/a en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

c) Outro persoal

Cando o centro ofrezca servizo de comedor, nas distintas modalidades, deberá dispoñer do persoal necesario para o desenvolvemento das funcións propias deste servizo.

7.1. Funcións do persoal

Director/a

- a) Exercer a garda das crianzas de acordo co previsto na lexislación vixente.
- b) Prestar atención personalizada aos usuarios/as tanto a través do desempeño da función educativa como directiva, favorecendo as canles de comunicación familia-escola que garantan o desenvolvemento integral das crianzas.
- c) Comunicar ao adxudicatario as necesidades de mantemento da escola.
- d) Cumprir e facer cumprir o marco lexislativo vixente para a infancia e, de xeito específico, de ámbito educativo, así como o previsto no regulamento de réxime interno.
- e) Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
- f) Autorizar as actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento da escola.
- g) Convocar e presidir a Comisión Educativa segundo o Regulamento de Réxime Interno que sexa debidamente aprobado.
- h) Proporcionar aos pais, nais ou representantes legais toda a información referente á escola e ao seu funcionamento.
- i) Canalizar e coordinar as relacións coas familias estimulando e garantindo a súa participación na vida da escola.
- j) Favorecer a convivencia no centro.
- k) Buscar o óptimo aproveitamento dos recursos e dos espazos.
- l) Proporcionar a atención psicopedagóxica segundo o alcance do servizo de escolas infantís especificado anteriormente.
- m) E cantas outras se deriven do posto que desempeña non atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.

Mestras/es e Educadoras/es

- a) Colaborar coa dirección na elaboración e actualización do Proxecto Educativo, da Programación Xeral Anual da escola e da Memoria Anual, e demais proxectos de índole pedagóxica que se desenvolvan no centro.
- b) Fixar os criterios para o seguimento e a avaliación destes documentos.
- c) Realizar as funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento das crianzas, á preparación e ao deseño de propostas pedagóxicas, colaboración e coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono das nenas e nenos, organización dos espazos e materiais pedagóxicos, etc.
- d) Establecer os criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas de cada un dos grupos de idade.
- e) Participar nas actividades de formación permanente.
- f) Prestar especial atención ao período de adaptación.
- g) Avaliar o funcionamento e a organización da escola e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante a dirección desta.
- h) Manter e fomentar as canles de comunicación e información continua familia-escola, en relación aos diversos ámbitos de vivencia da crianza na escola, así como os referidos ao seu desenvolvemento. As/os titoras/es informarán con carácter semestral aos/ás representantes legais da crianza sobre a evolución integral do/a neno/nena.
- i) Facilitar a participación, colaboración e coordinación das familias nas actividades da escola.
- l) Fomentar a xeración de vínculos de interacción comunicativa entre o propio equipo na procura da construción e do desenvolvemento dun proxecto educativo coordinado e coherente.
- m) Outras necesarias para un mellor funcionamento da escola seguindo as directrices marcadas pola dirección e o desenvolvemento do currículo vixente.

Persoal Auxiliar

- a) Colaborar coas mestras/es e educadoras/es nas aulas axudando na preparación e posta en marcha das actividades diarias.
- b) Atención e vixilancia nas saídas aos patios de xogo, así como nas saídas didácticas ao contorno.
- c) Colaborar nas actividades de aprendizaxe e desenvolvemento das rutinas do cotián (alimentación, hixiene, sono, recollidas e despedidas dos nenos e nenas)
- d) Facilitar a participación, colaboración e coordinación das familias nas actividades da escola.

- e) Apoio en comedor, contando co correspondente carné de manipulador/a de alimentos.
- f) Participar nas actividades de formación permanente.
- g) Outras necesarias para un mellor funcionamento da escola seguindo as directrices marcadas pola dirección.

Funcións do Persoal de Servizos

Persoal de Limpeza

- a) Encargado/a da orde e limpeza das estancias encomendadas, seguindo os protocolos de limpeza axeitados.
- b) Encargada/o da limpeza e mantemento de materiais encomendados: roupa, colchóns, materiais de xogo, seguindo os protocolos axeitados.
- c) Coñecer e garantir a normativa vixente en relación ao funcionamento do seu servizo no que respecta ás características dos produtos de limpeza que utiliza.
- d) Encargada/o da lavandería e orde de materiais relacionados coa mesma.
- e) Coordinarse coa dirección para a organización das tarefas de limpeza e desinfección das estancias e dos materiais.
- f) Pasar relación de necesidades de útiles e produtos de limpeza á dirección.
- g) Acudir aos cursos de formación para mellorar a súa formación e a calidade do servizo que se leva no centro.

Persoal de Cociña

- a) Preparación dos alimentos, responsabilizándose do bo estado e preparación dos mesmos, contando co correspondente carné de manipulador de alimentos.
- b) Coordinarse coa dirección para revisar os menús.
- c) Coñecer e garantir a normativa vixente de sanidade en relación ao funcionamento da cociña.
- d) Elaborar as comidas respectando os menús establecidos.
- e) Elaborar dietas especiais cando sexa mester.
- f) Axuda no comedor levando as bandexas de alimentos e na recollida e lavado da louza sucia.
- g) Encargase da limpeza e conservación do local e utensilios de cociña.
- h) Pasar a relación de necesidades en canto a alimentación e enxoval á dirección.
- i) Acudir aos cursos de formación para mellorar a súa formación e a calidade do servizo que leva no Centro.

7.2. Dereitos e obrigas do Persoal

7.2.1. Obrigas

- a) Respetar as normas que rexe a Escola.
- b) Programar, desenrolar e avaliar a actividade educativa da Escola.
- c) Velar por o proceso de maduración dos nenos.
- d) Manter contacto de forma permanente cos pais/nais ou representantes legais dos nenos/as.
- e) Non entregar ningún neno matriculado na Escola a persoa distinta dos pais/nais ou representantes legais, se non houbo autorización previa.
- f) Tratar con educación e respecto a todo o persoal da Escola.
- g) Acudir a cantas citacións se lles curse por parte da Dirección da Escola, ou no seu caso, o Concello de Becerreá.
- h) Acatar as disposicións sancionadoras por incumprimento das súas funcións.
- i) Velar por o mantemento das normas básicas en materia de sanidade e hixiene, ademais da seguridade do neno/a.

7.2.2. Dereitos

- a) A ser informados das enfermidades contaxiosas e alerxias sufridas polos alumnos.
- b) A ser informados das posibles anomalías de conduta que requiran unha acción conxunta.
- c) A ser tratados con respecto e consideración por parte de calquera dos membros da Comunidade Educativa.
- d) A unha praza no centro para os seus fillos, sempre que as idades dos mesmos estean comprendidas entre os 3 meses e os tres anos, co fin de conciliar a súa vida familiar e laboral.

Art. 8. Organización Interna

A Escola Infantil Municipal do Concello de Becerreá disporá da seguinte estrutura organizativa:

- O/A director/a
- Os Mestres
- Os/As educadores/as, encargados da atención directa aos nenos e nenas.
- O persoal adscrito aos servizos xerais.

8.1. O Equipo Educativo da Escola Infantil

Para unha ocupación de 41 alumnos repartidos en 3 unidades: unha con 8 nenos e nenas de 0-1 anos, unha con 13 nenos e nenas de 1-2 anos e unha unidade de 2-3 anos con un máximo 20 nenos e nenas simultaneamente e seguindo o Decreto 329/2005, contase co seguinte equipo educativo:

- 1 mestra/e, con funcións de dirección.
- 2 educadoras/es.
- 1 persoa de apoio
- 1 persoa de servizo xerais.

Contase co persoal suficiente para a prestación do servizo, axustándose ao disposto na normativa vixente antes nomeada.

Todo o persoal que conforme o equipo contará coa capacidade técnica, titulación e formación necesarias para desenvolver as tarefas propias do seu traballo.

Art. 9. Horarios do Persoal

Os horarios do persoal educativo da Escola elaborase e distribúense en función de determinadas variables:

- a) Establécense para un curso escolar, xa que cada curso varía, de xeito que as educadoras que empezan cun grupo de alumnos/as nun determinado nivel continúen con ese mesmo grupo ao longo de todo o ciclo.
- b) Elabóranse en función da demanda e das características dos horarios solicitados polos usuarios de cada nivel de idade. Unha vez revisados os expedientes dos alumnos/as elaboraranse os horarios das educadoras.
- c) Téñense en conta tamén os horarios de maior afluencia e os momentos de maior carga de traballo: Momentos de actividades e obradoiros, momentos de hixiene, alimentación, actividades especiais programadas de gran grupo, saídas ao contorno...

Unha vez estudadas todas as variables por parte da Dirección e do Equipo Educativo elaborase o cadro horario do Persoal.

Este cadro horario figurará no taboleiro principal de información ás familias.

Art. 10. Procedemento para Substitucións

A puntualidade e asistencia ao posto de traballo será controlada pola dirección do centro mediante os sistemas oportunos.

Calquera ausencia será xustificada por escrito, e informada o antes posible tamén por teléfono, para proceder a substituír, cambiar quendas ou o que proceda en cada caso.

No caso de substitucións teranse en conta os seguintes puntos:

1. En todas as ausencias previstas o profesorado que se vaia a ausentar facilitará á dirección a programación concreta que está previsto seguir, para facilitarlla á persoa substituta e que o ritmo da aula varíe o menos posible.
2. Nas ausencias imprevistas a dirección, coñecedora sempre dos plans de actividade diarios, facilitará á persoa substituta a planificación prevista da aula na que vai facer a substitución.

Téñense tamén recollidas as consideracións sobre casos especiais: alerxias, intolerancias, peculiaridades que deba saber sobre os alumnos: uso de chupete, como durme, obxecto de apego...

Indicacións sobre quen adoita entregar e recoller ao neno/a, autorizados, teléfonos...

Art. 11. Normativa Referente aos Nenos e Nenas e a Familia

11.1. Dereitos e deberes dos nenos e nenas

- a) Todos os nenos teñen dereito a satisfacer as súas necesidades de afecto, relación, xogo e acción, así como ó respecto a súa integridade física e moral.

- b) Recibir unha formación que asegure, polo menos, a consecución dos obxectivos mínimos contemplados no proxecto educativo do centro.
- c) Que se respecte a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, nas que os seus pais/nais ou representantes legais queiran educalos, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
- d) Que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos degradantes.
- e) Que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.
- f) Que a súa actividade na Escola se desenrole nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- g) O centro gardará reserva de toda clase de información que dispoña acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno/a.

11.2. Normas de funcionamento:

a) Normas de hixiene:

- a) Terase un aspecto coidado e limpo, recomendando ós nenos e nenas a ducha diaria, e insistindo na limpeza dos pregos e do cabelo.
- b) A roupa dos nenos/as estará limpa e permitiralles moverse coa máxima comodidade posible.
- c) O inicio do curso cada neno/a deberá traer unha caixa de toallíñas hixiénicas para o seu uso persoal que se repoñerá ó seu término. Igualmente se traerán cueiros da casa ata que os nenos e nenas deixen de úsalo, unha muda completa e recambio de roupa para deixar na escola para así poder cambialos/as cando sexa preciso.
- d) Traerán as uñas cortas e limpas na medida do posible.
